RESUMO

A literatura de fins do século XX e comezos do XXI

- **Introdución:** Tradicionalmente se sitúa o ano 1975, data da morte do ditador Franco, como o comezo dunha importante serie de transformacións políticas, sociais e culturais que van propiciar unha nova etapa para Galicia, é o inicio dun imparable salto cara adiante no proceso de recuperación do tempo perdido en case corenta anos de marxinación e de falta de liberdades. Estes cambios tamén van afectar de maneira moi notable á Literatura galega. Outro feito decisivo foi a aprobación da Lei de Normalización Lingüística (1983), que serviu para que se xeneralizase a introdución da lingua galega en todos os niveis do ensino. Tamén é interesante ter en conta a aparición de numerosos Premios literarios, que serviron para dar a coñecer aos novos escritores e escritoras e para potenciar a diversificación dos xéneros literarios.

- **A poesía:**
  - **Elementos máis destacados:**
    - ✓ **O estilo**: cóidase especialmente o emprego da lingua e intenta redescubrirse a dimensión estética do idioma.
    - ✓ **Os temas**: ensánchanse as posibilidades temáticas como o erotismo, a reivindicación feminista, a reflexión sobre a propia poesía...
    - ✓ **As influencias:** Combinase tradición e modernidade e apréciase un gusto xeral polo culturalismo.
  - **Autores e autoras dos 80 e dos 90:**
    - ✓ **Luís González Tosar** (Bos Aires, 1952). Revelouse como poeta con *A caneiro cheo* (1981), obra que recibiu o eloxio unánime da crítica e os premios Esquío e Losada Diéguez. Outras: *Remol das travesías* (1989), *Madeira do meu canto* (1998), *Invocación dun tempo* (2001) e *Estúrdiga materia* (2008)
    - ✓ **Claudio Rodríguez Fer** (Lugo, 1956). Destacamos, *Poemas de amor sen morte* (1979), *Tigres de tenrura* (1981) ou *Historia da Lúa* (1984) dominadas pola temática erótica. Outras: *Cinepoemas* (1983), *Lugo Blues* (1987).
    - ✓ **Ramiro Fonte** (Pontedeume, 1957/ Barcelona, 2008). Ofrece unha voz poética moi persoal: poesía esencial, emprego de símbolos como o mar, o outono...Preferencia por certos eixos temáticos como o tránsito cara á morte, a infancia…Obras: *As cidades da nada* (1983), *Designium* (1984), *Pasa un segredo* (1988), *Capitán Inverno* (1999)….
    - ✓ **Pilar Pallarés** (Culleredo, A Coruña, 1957). Na súa primeira obra, *Entre lusco e fusco* (1980), alterna o ton intimista cunha visión social e reivindicativa, herdeira da poesía dos anos 60 e 70. Outras obras: *Sétima soidade* (1984), *Livro das devoracións* (1996).
  - **Poetas e tendencias actuais máis relevantes:** A comezos da década dos 90 prodúcese un relevo xeracional que permite falar dun novo panorama poético. Os trazos comúns destes novos autores son: teñen un bo coñecemento da lingua, buscan establecer novas canles de comunicación co seu público, reclaman unha poesía que participe na marcha cultural da sociedade, tentan achegar a poesía a toda clase de públicos… Hai dúas rutas fundamentais: construción dun discurso feminino, con protagonismo das mulleres de diversas idades (María Xosé Queizán, Ana Romaní, Chus Pato, Marta Dacosta, Emma Couceiro, Yolanda Castaño, Olga Novo, Luísa Castro, Marilar Aleixandre…),

poetas que fan poesía a partir do cotián como é o caso de Fran Alonso...

- **A prosa:**

  - **Temas máis destacados:** dáse unha diversificación de estilos e xorden novas modalidades e temas: novela negra, novela-crónica…. Os autores empregan unha rica variedade de rexistros lingüísticos. A meirande parte naceron despois de 1950 e comezaron a publicar narrativa a partir da década dos 80, o seu labor creador tamén alcanza outros campos: a poesía, o xornalismo, o teatro…
  - **Autores e autoras dos 80 e dos 90:**
    - ✓ **Carlos G. Reigosa** (Pastoriza,1948). Experimentou diferentes vías narrativas, desde as breves historias de aldea, ata a recreación do mundo artúrico medieval. Con todo, a súa creación máis relevante foi *Crime en Compostela* (1983, novela negra). Outras: *Irmán, Rei Artur* (1987), *A guerra do tabaco* (1997)….
    - ✓ **Alfredo Conde** (Allariz, 1945). Coa súa novela *Xa vai o griffón no vento* (1984) foi gañador dos premios Blanco Amor, Nacional de Literatura, da Crítica Galega e Española, entre outros. Outras: *Memoria de Noa* (1982), *O fácil que é matar* (1998)…
    - ✓ **Xavier Alcalá** (Cidade Real, 1947). Gañou, no ano 1977, o premio Modesto R. Figueiredo co relato *A fundición*. Outras obras: *A nosa cinza* (1980), *Nos pagos de Huinca Loo* (1982)…
    - ✓ **Víctor Fernández Freixanes** (Pontevedra, 1951). Inicia unha brillante traxectoria coa súa extensa novela *O triángulo inscrito na circunferencia*, gañadora do premio Blanco Amor 1982. Outras: *O enxoval da noiva* (1988), *A cidade dos Césares* (1992).
    - ✓ **Darío Xohán Cabana** (Roás –Terra Cha (Lugo)-, 1952). Deuse a coñecer como narrador ao gañar o Premio Xerais do ano 1989 coa *novela Galván en Saor. Outras: O cervo na torre, Premio Xerais 1994, e Morte* de rei (1996).
    - ✓ **Manuel Rivas** (A Coruña, 1957). Debe o seu actual prestixio, fundamentalmente, ao traballo como narrador. Destacamos obras como: *Todo ben* (1985), *Os comedores de patacas* (1991), *En salvaxe compaña* (1994), *O lapis do carpinteiro* (1998), *Un millón de vacas* (1990), *Que me queres, amor?* , Premio Nacional de Literatura de 1996, e *Ela, maldita alma* (1999).
    - ✓ **Suso de Toro** (Santiago de Compostela, 1956). Guionista de radio e televisión e articulista de prensa, é un dos autores mellor coñecidos e máis prestixiados da actual narrativa. Destacamos obras como: *Polaroid* (1986), *Tic-tac* (1993), novela que é considerada por algúns críticos como a mellor deste autor, *Círculo* (1998), *Caixón desastre* (1983); *Land-Rover* (1988); *Ambulancia* (1990); *Calzados Lola*, Premio Blanco Amor, 1997. Tamén é autor de obras para o público xuvenil, e neste apartado están as novelas *A sombra cazadora e Conta saldada*.
  - **Prosistas e tendencias actuais máis relevantes:** Un dos aspectos máis novos e salientables do actual panorama da Literatura galega é o auxe e prestixio que nestes últimos anos acada a Literatura que ten como destinatarios aos nenos e mozos. Podemos considerar, neste apartado, autores de Literatura infantil e xuvenil como: Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), Xabier Puente Docampo (Rábade, 1946), Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra,1951), Antonio García Teijeiro (1952), Gloria Sánchez (1958) e tamén outros autores que diversifican a súa creación entre o público adulto e o infantil como Darío Xohán Cabana, Paco Martín, Marilar Aleixandre, Suso de Toro, Manuel Rivas….

- **O teatro:**

- **O teatro dos 80 e dos 90:** Unha serie de dramaturgos, que foron e son ao mesmo tempo escritores, actores, directores e promotores de compañías, logrou renovar e consolidar o teatro galego nos anos 70 e comezos dos 80. Pola súa participación destacada nas "Mostras" e "Certames Teatrais" de Ribadavia son coñecidos colectivamente co nome de "Grupo" ou "Xeración Abrente". Destacan, entre outros, nomes como Manuel Lourenzo, Euloxio R. Ruibal, Roberto Vidal Bolaño, Xesús Pisón, Miguel Anxo Fernán-Vello, Roberto Salgueiro, Raúl Dans...
- **Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes:** Destacamos autores formados nos anos da transición democrática, con nomes como Alberto Avendaño, Xosé Cermeño, Xesús Pisón, Antón Reixa, Luísa Villalta, Joao Guisán... Outro grupo fórmano autores máis novos que se deron a coñecer na segunda metade dos oitenta; entre eles podemos citar nomes como os de Lino Braxe, Miguel Anxo Murado, Cándido Pazó, Gustavo Pernas, Ana Vallés...